"ASUNTO: solicitude de devolución de garantía

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 4 de decembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal, nº 2322, solicitude de devolución de garantía, asinada M.D.F., en relación co expte. nº 25.345 (licenza nº 24.197).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 11 de novembro de 2019 outorgouse licenza de primeira ocupación a M.D.F. e L.E.G. (Expte. nº 5958/2019).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.*
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.*

O Artigo 230 do Decreto 143/2016 establece que a garantía das obras de urbanización En sistemas de acción indirecta, o seu promotor, antes do inicio das obras de urbanización, deberá proporcionar ao concello a garantía do cumprimento exacto das funcións de execución do plan, por un importe do 10% do orzamento de execución material do proxecto. Esta garantía deberá constituírse a través de calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, a administración actuante beneficiaria dela, e deberá presentarse nun prazo máximo de seis meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

A garantía non se devolverá nin cancelará ata que, despois de recibir as obras, transcorra un ano de garantía das obras.

O incumprimento do promotor do sistema de obrigas de urbanización, incluso dentro do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do concello da garantía prestada para cumprir as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da potencia que axuda ao concello a ir contra o promotor no caso de que a garantía non sexa suficiente para cumprir as responsabilidades expostas (artigo 96.4 do LSG).

Durante o período de garantía, o promotor do sistema de acción será responsable dos defectos e defectos de construción que se aprecien e deben ser reparados ou corrixidos.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Denegar a devolución da garantía depositada por M.D.F. por importe de mil setecentos trinta e catro euros con corenta e oito céntimos (1.734,48 €), para responder das obras de urbanización derivadas do expediente de obra nº 25.345, polo que se outorgou a licenza de obras nº 24.197 (licenza de primeira ocupación X -5958/2019), por non ter transcorrido un ano desde a concesión da licenza de primeira ocupación (11.11.2019).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta transcrito anteriormente.

Expediente 3966/2019. Proposta da alcaldía s/dación de conta do Decreto nº 30/2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra (PA nº 196/2019)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[112][113][114][115]Dase conta de proposta da alcaldía asinada en data 07.05.2020, referente a dación de conta de Decreto nº 30/2020 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído no PA nº 196/2019, que di o seguinte:

"Visto o contido do Decreto nº 30/2020 de data 04.05.2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído na tramitación do Procedemento Abreviado nº 196/2019, seguido a instancia de B.F.M. contra a resolución desestimatoria por silencio administrativo do Concello de Cangas, en reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no seu vehículo coa parte dispositiva que de seguido se reproduce:

'ACORDO:

- Ter por DESISTIDO ao recorrente B.F.M., declarando o remate deste procedemento. Sen facer imposición de custas.

- Firme a presente resolución, archivar as actuacións.

- Unir certificación literal desta resolución ao procedemento e o orixinal ao libro rexistro correspondente.'

Visto que se ben a citada resolución non é firme e cabe recurso de revisión no prazo de cinco días, a contar desde o seguinte ao da súa notificación, efectuada o 04.05.2020, non procede interpoñer recurso por canto se trata da desistencia da parte contraria ao Concello por mor

Concello de Cangas

do recoñecemento en vía administrativa da súa reclamación.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto nº 30/2020 de data 04.05.2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra recaído na tramitación do Procedemento Abreviado nº 196/2019, seguido a instancia de B.F.M. contra a resolución desestimatoria por silencio administrativo do Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no seu vehículo.

Segundo.- Non recorrer o citado decreto con base na motivación exposta.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de apoio xurídico."

A Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da proposta transcrita anteriormente, así como, procede a súa aprobación.

Expediente 645/2020. Proposta da alcaldía s/aprobación de convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de contratación de oficial condutor/conductora do Grupo de Emerxencias Municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

[116][117][118][119]Dase conta de proposta da alcaldía de data 08.04.2020, para aprobación de convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de contratación de condutor do grupo de emerxencias municipal do Concello de Cangas, que é como segue:

"Visto o informe emitido por C.C.P., como responsable do Servizo Municipal de Protección Civil de data 30.01.2020, polo que en síntese da conta da necesidade de convocar un proceso selectivo para constituír un listado de agarda da praza de oficial condutor do grupo municipal de emerxencias que veña a substituír ao listado existente ata o 30 de novembro de 2019, proposta que ven motivada pola necesidade de contar cun sistema áxil de cobertura das baixas que se poidan producir entre os oficiais condutores que figuran no cadro de persoal deste Concello clasificadas como oficial na categoría Seg/condutor, grupo IV, nivel 16 (BOPPO 04.06.2018) así como as necesidades excepcionais que se poidan producir por incremento de actividade en determinados períodos mantendo a operatividade do servizo, situacións estas que non poden ser atendidas co persoal existente sen menoscabo na seguridade da persoas neste termo municipal e con incidencia na seguridade da área en virtude dos convenios subscritos.

Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido a representación sindical, así como os informes emitidos pola intervención e secretaría de datas 24.03.2020 e 27.03.2020 respectivamente.

Considerando en relación co informe de intervención que o presente proceso selectivo vai dirixido a constitución dunha bolsa de emprego ou lista de agarda para a cobertura das futuras posibles contratacións laborais temporais entendemos que non resulta de aplicación

Concello de Cangas

neste momento a previsión apuntada polo Interventor no seu informe en relación co artigo 19.2) da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (LPGE 2018), que deberá ser observado no momento concreto no que por producirse os supostos previstos se dea a contratación efectiva, momento para o que as bases propostas difiren a apreciación das características das necesidades de acordo co citado artigo e demais de aplicación.

En canto a inexistencia de vacante, sen prexuízo de insistir novamente en que o obxecto das bases é a constitución dun listado de agarda e non a contratación efectiva, cómpre recordar que as prazas nas que se basea figuran como vacantes no cadro de persoal do Concello de Cangas que acompaña aos orzamentos vixentes no apartado de persoal laboral fixo (BOPPO nº 106, de 04.06.2018) e que as contratacións se darán nos supostos nos que o permita a normativa vixente.

Motivos os expostos polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por intervención.

Respecto aos aspectos aos que se refire o secretario no seu informe cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como diversos prazos ou temario só están predeterminados normativamente respecto a selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, como el mesmo reflicte no informe, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra os prazos propostos non eliminan os dereitos dos aspirantes nin os restrinxen de tal xeito que queden baleirados de contido. Respecto a estruturalidade que se invoca cómpre recordar que a creación dunha lista de agarda non determina de seu esta e que será no momento de dispoñer a aplicación da lista se se produce esta. Por último considérase que a proba e axeitada pois responde aos criterios establecidos no artigo 61 do Estatuto básico do emprego público.

*Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función do disposto no Decreto 1135-2019 de 17 de xullo de 2019
En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte*

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de data 24.03.2020 en base a motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de traballo de oficial na categoría Seg/conductor grupo IV nivel 16 (BOPPO 04.06.2018). Bases que literalmente din:

“BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE OFICIAL CONDUTOR DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto da presente convocatoria é a constitución dunha bolsa de emprego ou lista de agarda para cubrir as necesidades urxentes e inaprazables de contratación de persoal laboral temporal como OPERARIO CONDUTOR DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL, oficial de 1ª, grupo IV nivel 16 (Cadro de persoal dos orzamentos en vigor BOPPO 04/06/2018) nun eido esencial como é o da seguridade pública, para os supostos de:

- *Substitución do persoal que está a ocupar eses postos do cadro de persoal do Concello en situación de incapacidade temporal e demais supostos previstos legalmente para a formalización de contratos temporais na modalidade de interinidade.*
- *Acumulación de tarefas na actividade normal do servizo.*

A contratación do persoal seleccionado previo chamamento será de carácter laboral temporal a tempo completo, en xornada de luns a domingo con asignación ás quendas establecidas no servizo nas modalidades:

- *de interinidade para o suposto previsto en primeiro lugar.*
- *de contrato eventual por circunstancias da produción para o segundo suposto.*

A duración do contrato virá determinada pola baixa do traballador que se substitúe no primeiro suposto e por un máximo de seis meses dentro dun período de doce para o suposto do contrato eventual por acumulación de tarefas.

Á persoa contratada seralle de aplicación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas e percibirá as retribucións previstas nos orzamentos municipais para o posto (Cadro de persoal dos orzamentos en vigor BOPPO 04/06/2018).

As funcións a desenvolver polo persoal contratado serán o auxilio na intervención en incendios, accidentes ou calquera tipo de sinistro, situacións de emerxencia e de risco para a seguridade cidadá en xeral, mediante a intervención directa e/ou conducindo os vehículos postos a disposición da actuación, colaborando co Corpo de Policía Local do Concello en materia de seguridade dentro do ámbito que permita a normativa vixente e os convenios subscritos polo Concello de Cangas e realizando labores no eido medioambiental, especialmente no relativo á prevención de incendios, así como calquera outra relacionada coas anteriores.

O sistema de selección será o de concurso -oposición libre.

A duración do listado será de dous anos a contar dende a data de aprobación da resolución que poña fin ao proceso selectivo.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases estarán expostas ao público, no Taboleiro de Anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na paxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no B.O.P. de Pontevedra. O Taboleiro de Anuncios Municipal será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

Durante o período de presentación de instancias poderán presentarse reclamacións fronte as bases. De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión do Título de Graduado en ESO ou equivalente (Graduado escolar, FP I,...).

c) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter feitos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal.

g) Estar en posesión do carné C en vigor.

CUARTA – DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son 8,52 €.(deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello)

QUINTA.-SOLICITUDES E MODO DE PRESENTACIÓN DESTAS

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de

Xeral de Entrada do Concello de Cangas no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e en horario de atención ao público. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial coa referencia PRAZA OPERARIO CONDUTOR GRUPO DE EMERXENCIAS e incluíndo nome, apelidos, domicilio e enderezo electrónico, a efectos de notificación, e teléfono.

A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá remitir por correo electrónico ao enderezo electrónico xuridico@cangas.gal. unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente con anterioridade ao remate do prazo, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

O modelo inclúe a declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

Xunto coa instancia no modelo oficial presentárase o resgardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia simple do DNI.

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

Aqueles aspirantes que queiran quedar exentos da proba de galego presentarán ademais a documentación que segundo a base relativa a esta proba dá dereito a esta exención.

A documentación a valorar na fase de concurso, de ser o caso, presentárase necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, non se valorará na fase de concurso a documentación achegada fóra do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude. Así mesmo, a falta de pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo regulamentario de presentación de solicitudes, non poderá ser obxecto de emenda e determinará a exclusión do/a aspirante.

SEXTA – ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación

para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SÉTIMA . TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta especialidades técnicas.

OITAVA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso-oposición constará de dúas fases:

- 1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.*
- 2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.*

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO.

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

Concello de Cangas

A.a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

-Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións Públicas: 1,00 punto por ano traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.)

Ata un máximo de 20 puntos.

A.b) FORMACIÓN PROFESIONAL

Cursos en materias propias da praza e posto

Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar:

- Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas 0,05 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas 0,10 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 100 horas 0,25 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 250 horas 0,75 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 500 horas 1 punto*

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral, se non se especifica de xeito claro, a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

B.a) PROBA TEÓRICO PRÁCTICA

Os aspirantes quedarán convocados para a realización desta proba, de carácter obrigatorio e eliminatorio no día e hora que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos e de acordo con esta convocatoria o Tribunal efectuará un chamamento único.

A proba consistirá na realización dunha proba teórico práctica sobre as funcións propias do posto a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc...) e o manexo dos equipos propios desas funcións. Na realización do exercicio se valorará a corrección na execución da proba e o mellor manexo dos equipos así como a correcta resposta ás cuestións formuladas polo Tribunal. A proba se realizará nas condicións esixidas polo Tribunal (tempos, manobras a realizar, etc...), condicións que con carácter previo a realización da proba comunicará aos aspirantes. O Tribunal poderá formular preguntas relativas ao exercicio das funcións propias do posto e o exercicio práctico proposto. A puntuación máxima nesta proba será de 60 puntos sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para entender superada a mesma e non quedar eliminado/ eliminada.

B.b) PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Os aspirantes que teñan superado a proba teórico práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega. Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego ou a inversa de non menos de dez liñas, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. (Achegarase copia compulsada)

B.c) PROBA DE APTITUDE FÍSICA:

Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes que superen as probas anteriores deberán someterse na hora e lugar para as que sexan convocados polo Tribunal a unha proba pola que se determinará a aptitude física para o desenvolvemento do posto. O resultado será apto ou non apto quedando excluídos os aspirantes que non superen esta proba.

NOVENA.- CUALIFICACIÓNS E APROBACIÓN DA LISTA DE AGARDA

Rematado o proceso de selección o Tribunal determinará a cualificación final obtida polos aspirantes do que se extraerá o listado de agarda resultante ordenado por orde de puntuacións. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, a preferencia na colocación no listado se determinará a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición, de persistir aínda o empate resolverase a favor do candidato que acredítase maior experiencia profesional, finalmente resolverase a orde por sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao Órgano de contratación a correspondente proposta de listado de agarda confeccionado de acordo co disposto no parágrafo anterior.

Trala remisión da proposta do Tribunal a Alcaldía procederá a adopción dun decreto polo cal será aprobada a lista de agarda resultante que poñerá fin ao proceso de selección.

DECIMA.– RÉXIME DA LISTA DE AGARDA

A lista de agarda terá unha duración de dous anos a contar dende a data da súa aprobación

por Decreto da Alcaldía.

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde do listado aprobado. De tal xeito que só se pasará á seguinte persoa do listado de concorrer máis de un nomeamento ou cada vez que a persoa chamada teña prestado servizos por este listado un mínimo de seis meses.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos e respectando as limitacións establecidos pola normativa vixente en materia de contratación temporal, de tal xeito que de concorrer algunha circunstancia que impida a contratación temporal dun integrante do listado ao que lle corresponda o chamamento pasarase ao seguinte da lista.

Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A tal fin os aspirantes na solicitude de participación darán a súa conformidade á ser notificados electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e das contratacións que puidera derivarse do mesmo.

En situacións de urxencia poderá facerse un chamamento telefónico, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que fagan constar na instancia de participación, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo seguinte.

A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

UNDÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

DUODÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS

Concello de Cangas

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMO TERCEIRA . - DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE CONDUTOR DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira, na especialidade

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Igualmente dá a súa conformidade á ser notificado electrónicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e da contratación que puidera derivarse do mesmo.

Cangas, de de 2020

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.

Fotocopia compulsada do DNI

Xustificante acreditativo do pago das taxas.

No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS”

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á aprobación do listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas."

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos de alcaldía:

- Decreto 2020-0460 de data 20.03.2020.
- Decreto 2020-0487 de data 26.03.2020.
- Decreto 2020-0507 de data 30.03.2020.
- Decreto 2020-0531 de data 02.04.2020.
- Decreto 2020-0539 de data 06.04.2020.
- Decreto 2020-0556 de data 08.04.2020.
- Decreto 2020-0577 de data 14.04.2020.
- Decreto 2020-0624 de data 21.04.2020.
- Decreto 2020-0660 de data 29.04.2020.
- Decreto 2020-0694 de data 06.05.2020.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850